

A MIÑA MULLER É UNHA ACTRIZ



Tít. orixinal: *Ma femme est une actrice*

Ano: 2001

Duración: 95 min.

País: Francia

Dirección: Yvan Attal

Guión: Yvan Attal

Música: Brad Mehldau

Fotografía: Rémy Chevrin

Reparto: Charlotte Gainsbourg, Yvan Attal, Terence Stamp, Noemí Lvovsky, Laurent Bateau, Ludivine Sagnier, Lionel Abelanski, Keith Allen, Jo McInnes

Productora: Pathé

Xénero: comedia romántica

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Yvan é un xornalista de deportes parisiño que comparte a súa vida sen problemas con Charlotte, unha actriz. O problema dos ciumes surxe cando ela comeza a rodar unha película cun actor famoso polas súas dotes de seductor. A partir dese momento, marido e esposa entran nunha crise que os fará descubrir cousas dentro de cada un e no outro que nin sospeitaban que existían. A atracción por persoas alleas ós seus antigos círculos e a necesidade de descubrir e experimentar aspectos da vida ós que antes non se achegaban – por pudor ou prexuízos – fará que reflexionen sobre a súa rutina de parella.

Os bicos do cine

por Andrés Sanmartín



Pertencen as actrices a un tipo de muller especial? Cunha mirada lúcida e divertida, esta áxil comedia atrapa a toda clase de público, incluso a quen non traballan na actuación, ó menos profesionalmente.

A filme de Yvan Attal, coprotagonista de Charlotte Gainsbourg, abre cunha superposición de fotos (en branco e negro) das clásicas divas do starsystem (Marlene Dietrich, Jean Harlow, Bette David, etc.), mentres soa na diáfana versión "Lullaby of BroadwaY" da inigualable Ella

Fitzgerald. Mediante unha frenética sucesión de datos e imaxes, unha voz en off faise cargo da introducción. O espectador informase de que o narrador é Ivan, un xornalista deportivo e que a súa muller é unha famosa actriz chamada Charlotte, o cal implica vantaxes e desvantaxes, entre estas últimas atópanse, obviamente, os autógrafos. Nada máis inoportuno que os autógrafos, segundo Yvan.

Neste preciso momento queda claro que a filme será unha parodia intelixente e unha comedia feita para sorrir. Os máis íntimos de Yvan son a súa irmán e o seu cuñado. Unha parella dispar que agarda un fillo, e que a pesares de amarse peléxanse continuamente pola identidade xudía do primoxénito. Ela é case ortodoxa, el négase a convertelo á forza. Eles representan aquilo no que se queren converter Yvan e Charlotte, anque de feito xa están casados.

A personaxe de Yvan amosa unha visión abxecta sobre a arte e a actuación, o seu pracer redúcese ós deportes, anque o director preocúpase de non contaminar a filme con algunha escena de xogo. Por eso queda descolocado cando un coñecido da súa irmán preguntalle que se sente cando a súa muller bica a outros homes e ten relacións con eles. Yvan, un pouco sorprendido e tamén molesto, intenta explicarlle que ela é unha actriz e todo aquilo é soamente actuación, que non hai relación verdadeira; pero é inútil, o veneno xa está circulando polas súas veas aceleradamente.

Todo se descontrola cando Charlotte viaxa a Londres para filmar unha película cuxo coprotagonista é un sensible galán maduro, practicamente irresistible para as mulleres. Os celos de Yvan crecen mentres busca un remedio para curarse, quizais unha dose do seu propio veneno.

O paradoxo da filme, dirixida impecablemente por Attal, é que a súa muller na vida real é a mesmísima Charlotte, ela ademais é filla do mítico cantante Serge Gainsbourg e da actriz Jane Birkin; é dicir, o tema "fama" debería estar ben procesado. Paradoxo porque Yvan parece estar liberando demos internos e dalgunha forma está cuestionando o sentido relucente da fama. E, ó mesmo tempo, o seu tratamento do tema indica un illamento claro

do conflito e un recoñecemento en calquera caso dos síntomas e un diagnóstico del. Este tema xa tratado varios veces pola industria norteamericana, non viu unha versión máis realista que a de Attal, que o trata dun xeito especialmente práctico e aterrado.

O porqué de filmar o "detrás da escena" do seu matrimonio é intrascendente. Ambos son excelentes actores, ademais son capaces de rirse de si mesmos e do seu entorno, como cando Charlotte debe responder ós xornalistas nunha rolda de prensa. Repetindo unha e outra vez a mesma resposta á mesma pregunta e co mesmo sorriso do comezo. Hai un par de escenas semellantes, non iguais, en *Notting Hill* e en *America's Sweethearts*.



A miña muller é unha actriz emprazase na tradición da mellor comedia romántica francesa, onde non é necesario ter como protagonista a unha bonita rubia e neurótica, sí é importante unha muller como Charlotte: atractiva, intelixente, divertida e auténtica. Case como o retrato dunha "diva" de carne e oso.